




XUNQUEIRA DE ALBA

Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2021



Distancia: 5 km (ida e volta desde o centro da cidade)

Dificultade: baixa



Pasarela nun tramo da ruta



A xunqueira de Alba, ou xunqueira da Gándara, aséntase no tramo final do río Rons, na parroquia de Alba do concello de Pontevedra. É un deses espazos, dos que había tantos nos tramos finais dos ríos que ao vérense afectados polas mareas ou as enchentes non ofrecían condicións para un aproveitamento agrícola, aínda que ocasionalmente se utilizaban como pasteiros ou espazos onde recoller materiais, maiormente xunco, para utilizar como estrume ou abono vexetal; uns espazos, esteiros e marismas, que cando estaban próximos ás localidades foron ocupados, case todos, con recheos nos que se instalaban áreas de servizos ou industriais. Esta xunqueira tampouco foi unha excepción, mais conservou partes sen alterar que aínda seguen a realizar a súa importante función biolóxica e ecolóxica e onde podemos atopar, coñecer e gozar da riqueza natural propia destes medios: diversidade de seres vivos e especies con adaptacións específicas as súas características ambientais -que precisan de ambientes húmidos e soportan estar mergulladas...-. A pesar do seu reducido espazo na zona foron catalogadas máis de 150 especies vexetais, unhas 130 especies de aves, están representadas a meirande parte das especies de anfibios de Galiza e numerosos insectos.

Polos seus valores foi declarada Espazo Natural de Interese Local (ENIL) no ano 2012.

Á súa condición natural engádelle interese a súa situación ao pé da cidade de Pontevedra polo que conta cunha ruta ben acondicionada que é moi frecuentada como zona de paseo e de practica deportiva. Facer o percorrido é doado, son uns 4 km case chans, con longos tramos á sombra de especies arbóreas propias da contorna, e ornamentais e forestais plantadas á beira da canle do río e ao longo das zonas de paseo.



Roseira brava



Desembocadura do río Rons no Lérez

PERCORRIDO

Comezamos na ponte que hai sobre a desembocadura no Lérez, ao pé da **ponte Nova ou das Correntes**, e remontamos o río, levándoo á dereita, nunha primeira parte canalizada, ata a **ponte Magueiro**, cruzamos a estrada e seguimos pola pasarela que vai por enriba do lameiro para entrar na parte máis natural e silvestre, con algúns espazos abertos nos que medran especies menos achegadas á auga, ata chegar ao **miradoiro**, ao que o desenvolvemento dos salgueiros priva en parte da súa función, mais seguindo o camiño, que logo da volta, camiñamos preto, e podemos achegarnos, á beira do amplo espazo da xunqueira. Cando chegamos á ponte cruzamos para volver a remontar o río agora pola outra beira ata acadar o punto máis alonxado da ruta, este tramo -no que atoparemos un **punto de observación de aves**- está un algo máis despexado de vexetación pero a volta podemos facela por un camiño case paralelo, menos transitado, á sombra das árbores ata a volta á estrada, ao pé da ponte, que agora non cruzamos, para rematar a camiñada pola outra beira do río.

Na páxina Visit-Pontevedra.gal, ademais de información e do plano da ruta, temos PDFs das guías de aves, anfibios e odonatos da zona




Esteiro do río Rons no comezo da ruta





A Xunqueira de Alba



Camiño á sombra polo bosque da ribeira



Lavancos (*Anas platyrhynchos*)